

TEMA 20 OS PRINCIPAIS SECTORES INDUSTRIAIS E O PAPEL DO FERROCARRIL

DIFICULTADES DO PROCESO DE INDUSTRIALIZACIÓN EN ESPAÑA

O desenvolvemento industrial en España:

- Chegou tarde con respecto a outros países
- E presentou fortes desequilibrios rexionais (zonas industriais+zonas atrasadas) Entre as razóns que dificultaron o despegue industrial están:
 - Un mercado interior débil, debido á pobreza do campesiñado e mal comunicado
 - A falta dunha burguesía emprendedora, salvo en Cataluña
 - Que o capital sobranse se investía na compra de terras, en vez de na industria
 - A dependencia española de países estranxeiros en tecnoloxía e enerxía
 - E a falta de estabilidade política, que creaba un clima pouco propicio para investir

SECTORES PIONEIROS E ÁREAS XEOGRÁFICAS

En España, podemos destacar como sectores pioneiros e zonas máis industrializadas:

CATALUÑA, que constituiu a zona industrial pioneira e máis importante do país xa que a súa industria téxtil, que fixo aumentar outros sectores, destacou debido a:

- O monopolio no **comercio** coas colonias
- A introdución do **algodón** como moderna materia prima
- A introdución de **maquinas** para mecanizar as tarefas
- E o espírito emprendedor e reinvestimento de capitais por parte dos propietarios. De feito a primeira máquina de vapor chega a España en **1832**, á **fábrica téxtil Bonaplata**, fábrica catalana que por certo será das primeiras tamén en vivir un **episodio ludita** (1835).

Este desenvolvemento industrial creou en **Cataluña** unha clase burguesa rica e poderosa, que fixo moi visible o seu poder na cidade de Barcelona, encargando as súas vivendas a arquitectos modernistas como **Antoni Gaudí**.

ANDALUCÍA E LEVANTE, que destacou no sector da siderurxia (ferro e aceiro), cos altos fornos construídos en **Málaga** e **Marbella** para fundir ferro. Pero esta industria acabou sendo pouco competitiva, debido á falla de carbón mineral na zona (o carbón mineral era o combustible necesario para a fundición de ferro nos altos fornos), polo que finalmente esta zona se reorientou á produción agraria.

ASTURIAS E EUSKADI, destacaron no sector da minaría e tamén na siderurxia. No caso asturiano, hai que destacar as **minas de carbón**, que fixeron posible o desenrolo da siderurxia, destacando os altos fornos de **Duro Felguera**, empresa que se convertería na principal industria siderúrxica de España a finais do XIX. Pero o carbón asturiano era caro de explotar e de peor calidade que o inglés... Isto fixo que en **Euskadi** apostaran por outra fórmula que acabou por darlles máis éxito: alí os empresarios vascos apostaron por comerciar con **Inglaterra**, comprándolles o carbón mineral que necesitaban para fundir o ferro, e vendéndolles logo ese ferro que extraían das minas vascas de Somorrostro (**Bilbao**). Esta relación comercial axudou de paso potenciar o sector naval vasco (barcos), e tamén a que xurdira un sector financeiro (banca) moi potente (xerme do actual **BBVA**, por ex).

Fronte a estas tres zonas, en **GALICIA** a industria apenas logrou desenvolverse:

- No **téxtil**, había unha produción galega de **liño**, que non logrou competir co algodón...
- Na **siderurxia**, a produción de ferro nas montañas de **Lugo** non logrou tampouco competir co ferro producido en Euskadi ou no resto de Europa.
- O máis destacable foi a aparición dunha **industria conserveira** de peixe, xurdida no XIX en torno ás **Rías Baixas**, da man de empresarios cataláns e centrada sobre todo na sardiña.
- Esta puxante **industria da conserva**, á súa vez, favoreceu a finais do XIX o desenvolvemento do sector naval (construción e reparación de barcos) en cidades como

Vigo, aparte de **Ferrol**. Fronte a estes problemas de atraso e desigual industrialización, os liberais foron aprobando leis como a da supresión de aduanas interiores, e procurando mellorar as comunicacións terrestres para dinamizar o mercado interior.

Neste contexto podemos encadrar tamén a construción do ferrocarril O **FERROCARRIL** O ferrocarril foi o símbolo do progreso e a modernización no XIX, pero, igual que a industria, chegou máis tarde a España que a outros países europeos. Se ben o 1º tramo de ferrocarril español se inaugurou en **Cuba** en 1837, na península estréase en 1848 cun pequeno tramo entre **Barcelona** e **Mataró**.

En **1855**, durante o chamado **Bienio Progresista** (apenas 2 anos no poder con Isabel II), os liberais progresistas logran aprobar a **LEI XERAL DE FERROCARRÍS**, que regularizaba a construción e explotación dos tramos de vía (por Goberno e empresas), e que impulsou o investimento de capital (sobre todo estranxeiro) necesario para contruílo, perdéndose así a oportunidade de facelo con materias ou empresas españolas.

Tamén de 1855, a desamortización de **Madoz** permitiu financiar os **FFCC** en gran parte. Así, na construción podemos destacar varias fases:

- Antes de 1855: só había 440 kms en zonas de **Barcelona, Madrid e Asturias**.
- 1855 a 1865: constrúense a bo ritmo as vías principais e faino o Estado e capital francés
- 1866 a 1876: parálizase xa que non producía os beneficios esperados
- 1877 a 1895: relánzase a construción de novas liñas, por empresas que as explotarian
- 1896 a 1936: segue a construción, pero xa moito máis lenta

Un ferrocarril que se construiu cunhas **CARACTERÍSTICAS** moi concretas:

- Deseñouse un trazado radial desde Madrid cara diferentes puntos da periferia, privilexiando a conexión de Madrid (en beneficio da capital), pero deixando esquecidas moitas áreas da península con ese tipo de trazado.
- e fíxose cun ancho de vía maior que o europeo, o que foi un problema á hora de comunicar o noso ferrocarril co de Francia.

RELEVANCIA DO FERROCARRIL COMO ESTIMULADOR DA INDUSTRIA:

Para moitos historiadores, o papel do ferrocarril no desenvolvemento económico de España foi **CONSIDERABLE** xa que mellorou as pobres comunicacións interiores e o transporte de mercadorías; pero **POUCO IMPORTANTE** para outros, xa que o Estado permitiu a importación do exterior de todo o material ferroviario, o que perxudicou enormemente o desenvolvemento da siderurxia española, sendo, neste sentido, unha ocasión perdida.